

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE**

RESOLUCIÓN do 8 de outubro de 2025, da Secretaría Xeral da Lingua, pola que se convoca a proba en liña para a obtención do Certificado de lingua galega 4 (Celga 4) no ano 2025 (código de procedemento PL500G).

O Decreto 146/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude (DOG número 101, do 27 de maio), atribúelle a esta as competencias e funcións en materia de promoción e ensino da lingua galega, así como a dirección, planificación, coordinación e execución da política lingüística da Xunta de Galicia. Dentro da estrutura da consellería, consonte o disposto no devandito decreto, é a Secretaría Xeral da Lingua o órgano encargado de executar aquelas accións necesarias para desenvolver as competencias sobre política lingüística atribuídas á consellería. En particular, de acordo co artigo 7.1.i) do citado decreto, a Secretaría Xeral da Lingua ten atribuída a competencia para convocar e administrar as probas e expedir os certificados de coñecemento do galego.

Así mesmo, o artigo 7 da Orde do 16 de xullo de 2007, da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga) (DOG número 146, do 30 de xullo), sinala que a Secretaría Xeral da Lingua, logo da proposta da Comisión Central de Avaliación, convocará as probas para a obtención dos citados certificados de coñecemento da lingua galega por medio dunha resolución que se publicará no *Diario Oficial de Galicia*.

Neste marco, a Secretaría Xeral de Lingua vén convocando as probas para a obtención dos niveis Celga, as cales, ata agora, sempre se realizaron de modo presencial. Non obstante, tendo en conta as posibilidades que ofrecen as tecnoloxías da información e a comunicación (TIC), a Secretaría Xeral da Lingua desexa pór en marcha a realización de probas en liña sen deixar de seguir organizando probas presenciais. Para levar a cabo este proxecto, conta coa colaboración da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), organismo que precisamente ten como un dos seus obxectivos executar instrumentos no ámbito das TIC que impulsen a modernización da Administración pública e que contribúan ao desenvolvemento económico e social de Galicia.

CVE-DOG: 6fe5ixz2-w3d1-mhm9-7sk0-g6mmdx6ggqd2



A primeira fase do proxecto de probas Celga en liña prevé a realización dunha única proba, que se desenvolverá a pequena escala. Xa que logo, limitarase a un número determinado de prazas e a un só nivel, o Celga 4.

De acordo co exposto,

RESOLVO:

1. Obxecto.

Convocar a proba en liña para a obtención do certificado de lingua galega 4 (Celga 4) no ano 2025, con código de procedemento administrativo PL500G.

2. Persoas destinatarias e número de prazas.

2.1. Esta convocatoria diríxese ás persoas maiores de dezaseis anos ou que os fagan no ano natural da convocatoria, nacionais ou estranxeiras.

2.2. O número de prazas dispoñibles para realizar a proba en liña do Celga 4 será de cen (100).

3. Data de realización da proba.

A proba terá lugar no cuarto trimestre de 2025, sempre que ningunha circunstancia excepcional o impida. A data concreta será debidamente publicada no *Diario Oficial de Galicia*, así como na páxina web da Secretaría Xeral da Lingua (<https://www.lingua.gal>). En todo caso, non coincidirá coas datas das probas Celga presenciais convocadas mediante a Resolución do 1 de setembro de 2025 (DOG núm. 176, do 12 de setembro).

4. Presentación de solicitudes e prazo.

4.1. As persoas que desexen inscribirse nesta convocatoria deberán cubrir o formulario de solicitude segundo o modelo que se publica como anexo I (PL500G).

4.2. A capacidade técnica e a dispoñibilidade dun equipamento informático que permita realizar a proba en liña obxecto desta convocatoria xustifican a obrigatoriedade da presentación electrónica das solicitudes, que se realizará a través do formulario normalizado (anexo I) dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>



De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

4.3. Ademais da presentación desta solicitude a través da sede electrónica, as persoas que desexen participar nesta convocatoria tamén deberán presentar unha solicitude de inscrición na proba a través da plataforma de teleformación da Secretaría Xeral da Lingua (<https://formacion-lingua.xunta.gal>). Para acceder á dita plataforma, identificaranse co nome da persoa usuaria e o contrasinal; a continuación, seleccionarán a proba e matricularanse nela. Se unha persoa non é usuaria da plataforma, deberá rexistrarse previamente nela. O nome e os apelidos facilitados na plataforma deben coincidir cos do documento que acredita a súa identidade (DNI, NIE ou pasaporte).

4.4. Para realizar a proba, as persoas solicitantes deberán dispor dun equipamento informático que cumpra, como mínimo, os seguintes requisitos técnicos:

– Un ordenador con:

- Conexión á internet (de banda larga).
- Navegador web debidamente actualizado (recoméndase ter instalada a última versión de Chrome).
- Cámara web debidamente configurada no ordenador, á cal accederá o sistema durante o tempo que dure a proba en liña para controlar e verificar que a persoa realiza o exame de xeito autónomo e sen axudas externas.
- Micrófono debidamente configurado no ordenador para permitir a gravación de voz en formato electrónico (MP3 ou equivalente).
- Altosfalantes debidamente configurados no ordenador para permitir escoitar son.
- Acceso á conta de correo electrónico especificada no formulario da solicitude.

CVE-DOG: 6fe5ixz2-w3d1-mhm9-7sk0-g6mmdx6ggqd2



– Un teléfono móbil, que complementará o ordenador durante a proba, o que permitirá que o sistema controle o posto en que a persoa realiza o exame en liña desde un segundo punto de vista diferente ao obtido pola propia cámara web do ordenador, con:

- Conexión á internet (de banda larga).
- Aplicación de cámara para vincular un código QR no momento de iniciarse a proba.
- Habilitación de permisos para acceder á cámara e ao micrófono.

4.5. O prazo de presentación das solicitudes, tanto a través da sede electrónica como da plataforma de teleformación da Secretaría Xeral de Lingua, será de dez días hábiles, que se contarán a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. Se o último día do prazo é inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

5. Documentación complementaria.

5.1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude (anexo I) a seguinte documentación:

a) Copia do pasaporte, no caso de que a persoa solicitante acredite a súa identidade con este documento.

b) Copia do certificado de discapacidade expedido por unha Administración distinta da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, se é caso.

De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non será necesario achegar os documentos que xa foron presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán obtidos electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se puidesen obter os citados documentos, poderáselle solicitar novamente á persoa interesada a súa achega.

CVE-DOG: 6fe5ixz2-w3d1-mhm9-7sk0-g6mmdx6ggqd2



5.2. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que sexa realizada a emenda.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o cal poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

5.3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

6. Comprobación de datos.

6.1. Para tramitar este procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- DNI ou NIE da persoa solicitante.

Consultaranse, ademais, os seguintes datos cando a persoa interesada faga constar na solicitude que lle é de aplicación a circunstancia que acredita o documento correspondente:

- Certificado de discapacidade expedido pola Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

6.2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario correspondente e achegar os documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

6.3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas que presenten os documentos correspondentes.



7. Asignación das prazas.

7.1. Se se reciben máis solicitudes ca prazas dispoñibles (100), a asignación destas farase a través dun sorteo aleatorio puro. Este sorteo consistirá na obtención sucesiva de números ao azar coa execución dunha rutina informática aleatoria. A partir da relación de persoas solicitantes, obterase a listaxe de persoas seleccionadas e mais a listaxe de agarda. Polo tanto, a orde de entrada das solicitudes será indiferente.

7.2. O sorteo realizarase en acto público o día 5 de novembro de 2025, ás 11.00 horas, no salón de actos da sede da Secretaría Xeral da Lingua (rúa de San Roque, 2, Santiago de Compostela). Posteriormente, de acordo co disposto no artigo 45.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a Secretaría Xeral da Lingua publicará na súa páxina web (<https://www.lingua.gal>) a resolución coa listaxe de persoas seleccionadas e a listaxe de agarda. Así mesmo, todas as persoas solicitantes recibirán na súa conta de correo electrónico un aviso que lles comunicará se foron seleccionadas ou se figuran na listaxe de agarda.

8. Pagamento da taxa.

8.1. A partir do día seguinte ao da publicación na páxina web da Secretaría Xeral da Lingua (<https://www.lingua.gal>) da resolución coa listaxe de persoas seleccionadas, abriase un prazo de cinco días hábiles para que estas paguen a taxa de dereitos de exame e presenten o xustificante correspondente.

8.2. De acordo coa Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, o tipo da taxa para a inscrición na proba non experimentará ningunha actualización respecto á contía exixible no momento da entrada en vigor da dita lei, de modo que continúa a ser de 16,92 euros.

8.3. O pagamento da taxa poderá realizarse de forma telemática ou presencial. En todo caso, a persoa admitida terá que acceder á súa Carpeta cidadá da sede electrónica da Xunta de Galicia, que permite realizar trámites electrónicos con posterioridade ao inicio do expediente.

Desde a dita Carpeta cidadá, a persoa admitida poderá pagar directamente a taxa a través da sede electrónica, caso en que o xustificante xa se xera automaticamente. Outra posibilidade é acceder á Oficina Virtual Tributaria (<https://ovt.atriga.gal>) e pagar median-



te tarxeta, bizum ou cargo na conta e achegar o xustificante de pagamento a través da Carpeta cidadá.

Para realizar o pagamento de forma presencial, tamén accederá á Oficina Virtual Tributaria para descargar un modelo en branco e cubri-lo ou imprimilo xa cuberto grazas á aplicación; posteriormente, pagarase nunha entidade financeira colaboradora ou farase unha transferencia bancaria nunha entidade financeira non colaboradora e, finalmente, achegárase o xustificante de pagamento a través da Carpeta cidadá.

Os códigos correspondentes á taxa son:

- Consellería: Cultura, Lingua e Xuventude. Código: 10.
- Delegación: Servizos Centrais. Código: 13.
- Servizo: Secretaría Xeral da Lingua. Código: 09.

Denominación da taxa: inscrición nas probas homologadas para acreditar o nivel de competencia en lingua galega e mais a acreditación do nivel correspondente, de ser o caso. Código: 304401.

8.4. As persoas que non paguen a taxa e non presenten a xustificación correspondente no prazo de cinco días hábiles establecido no punto 8.1 considerarase que renuncian á súa praza, a cal se lles ofrecerá, por orde, ás persoas da listaxe de agarda.

8.5. De acordo co artigo 23.11 da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, as persoas con discapacidade igual ou superior ao 33 %, logo da xustificación documental, estarán exentas do pagamento da taxa.

9. Publicación dos resultados da proba.

Os resultados provisionais da proba publicaranse na páxina web da Secretaría Xeral da Lingua (<https://www.lingua.gal>) no prazo máximo de dous meses desde a súa realización, salvo que se acorde a súa ampliación.

Os resultados definitivos da proba publicaranse na páxina web da Secretaría Xeral da Lingua (<https://www.lingua.gal>) no prazo máximo de catro meses desde a súa realización, salvo que se acorde a súa ampliación.



10. Procedementos de reclamación ou de revisión da proba.

Tras publicarse os resultados provisionais, as persoas interesadas, mediante un escrito dirixido á Secretaría Xeral da Lingua ou á conta sxpl.probascelga@xunta.gal, poderán solicitar, no prazo de dez días hábiles, a revisión da proba por parte da Comisión Central de Avaliación, que adoptará a resolución que corresponda e comunicarlles os criterios que determinaron a cualificación obtida.

Tras se publicaren os resultados definitivos, as persoas interesadas poderán interpor, no prazo dun mes desde o día seguinte ao da súa publicación, un recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, segundo o previsto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

11. Desenvolvemento da proba.

11.1. Con antelación suficiente á data da proba, a Secretaría Xeral da Lingua comunicarlles ás persoas seleccionadas as instrucións que deberán seguir para a súa realización. Entre estas, será necesario:

– Acceder á plataforma de teleformación da Secretaría Xeral da Lingua (<https://formacion-lingua.xunta.gal>) co nome da persoa usuaria e o contrasinal.

– Rexistrar a súa imaxe no sistema en dous pasos: primeiro, a persoa fará unha foto mediante a cámara web e, a continuación, cando llo pida o sistema, mostrará ante a cámara web o seu DNI, NIE ou pasaporte (parte dianteira e parte traseira). Deste modo, o sistema deixará rexistrada a súa identidade para que, posteriormente, o persoal responsable da proba poida contrastala coas imaxes que o sistema obtivese da persoa durante a realización do exame.

11.2. A proba en liña seguirá os mesmos parámetros que as probas presenciais.

Para realizar a proba escrita, que constará de dúas partes (A1 e A2), a persoa disporá dun máximo de tres horas. A parte A1 consistirá en redactar un texto tras visionar un vídeo e a parte A2 consistirá en redactar un texto tras ler outro texto escrito.

En canto á proba oral, esta terá unha duración aproximada de trinta minutos e constará de catro partes: lectura dun texto, resumo oral deste, exposición oral a partir dun enunciado relacionado co tema do texto lido e, finalmente, resposta oral a diversas cuestións tamén relacionadas co dito texto.



12. Expedición e rexistro dos certificados.

A Secretaría Xeral da Lingua expedirállelos os certificados ás persoas que superen a proba.

Cada certificado constará nun rexistro oficial no cal figurarán os seguintes datos: nome e apelidos, número de DNI, NIE ou pasaporte, data e resultado da proba e identificación alfanumérica do certificado. A solicitude para participar na proba comporta a autorización para o tratamento telemático dos citados datos para este fin.

13. Notificacións.

13.1. As notificacións de resolucións e actos administrativos efectuaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

13.2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas realizaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitiralle ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación realizada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

13.3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderán de oficio crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar que as persoas interesadas cumpran a súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

13.4. As notificacións entenderanse efectuadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e rexeitadas cando transcorran dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda a el.

13.5. Se o envío da notificación electrónica non for posible por problemas técnicos, realízase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.



14. Trámites administrativos posteriores á presentación da solicitude.

A sede electrónica da Xunta de Galicia permítelles ás persoas interesadas realizar trámites electrónicos, con posterioridade ao inicio do expediente, accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada.

15. Recursos contra a resolución de convocatoria da proba.

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, todas as persoas interesadas poderán interpor un recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o previsto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

16. Prazo de resolución do procedemento e sentido do silencio.

De non se ditar resolución expresa sobre as solicitudes presentadas no prazo de tres meses, que se contará desde a data de peche do prazo de presentación de solicitudes previsto na convocatoria, as solicitudes entenderanse desestimadas.

Santiago de Compostela, 8 de outubro de 2025

Valentín García Gómez
Secretario xeral da Lingua

CVE-DOG: 6fe5ixz2-w3d1-mhm9-7sk0-g6mmdx6ggqd2



XUNTA
DE GALICIACONSELLERÍA DE
CULTURA, LINGUA
E XUVENTUDE

ANEXO I

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DE PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
PROBA EN LIÑA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA 4 (CELGA 4)	PL500G	SOLICITUDE

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

IDENTIFICACIÓN

TIPO	NÚM.	PAÍS EMISOR

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO

ENDEREZO

PAÍS

TIPO	NOME DA VÍA	NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA

CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE

PARROQUIA	LUGAR

CONTACTO

PREFIXO	TELÉFONO MÓBIL	PREFIXO	OUTRO TELÉFONO

CORREO ELECTRÓNICO

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

IDENTIFICACIÓN

TIPO	NÚM.	PAÍS EMISOR

NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Todas as notificacións ás persoas interesadas serán realizadas só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia - [Notifica.gal](https://notifica.xunta.gal) (<https://notifica.xunta.gal>).

Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365.

Envíaranse avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de [Notifica.gal](https://notifica.gal):

PREFIXO	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO



XUNTA
DE GALICIACONSELLERÍA DE
CULTURA, LINGUA
E XUVENTUDEANEXO I
(continuación)

DATOS ESPECÍFICOS DO PROCEDEMENTO

☐ Discapacidade igual ou superior ao 33 %

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE

	ÓRGANO	CÓD. DE PROC.	ANO
☐ Copia do pasaporte, no caso de que a persoa solicitante acredite a súa identidade con este documento.			
☐ Copia do certificado de discapacidade expedido por unha Administración distinta da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, se é o caso.			

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA
DNI/NIE da persoa solicitante	☐
MARQUE O RECADRO CORRESPONDENTE PARA SINALAR AS CIRCUNSTANCIAS QUE LLE SEXAN DE APLICACIÓN	
☐ Certificado de discapacidade expedido pola Administración da Comunidade Autónoma de Galicia	☐

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluíranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina (https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos) e na ficha do procedemento na Guía de procedementos e servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, de ser o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en (https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos).
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	(https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos)

CVE-DOG: 6fe5ixz2-w3d1-mhm9-7sk0-g6mmdx6ggqd2

XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

**XUNTA
DE GALICIA****CONSELLERÍA DE
CULTURA, LINGUA
E XUVENTUDE****ANEXO I
(continuación)****LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento de lingua galega (Celga), modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014.
- Resolución do 8 de outubro de 2025, da Secretaría Xeral da Lingua, pola que se convoca a proba en liña para a obtención do Certificado de lingua galega 4 (Celga 4) no ano 2025 (código de procedemento PL500G).

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de

Secretaría Xeral da Lingua

CVE-DOG: 6fe5ixz2-w3d1-mhm9-7sk0-g6mmdx6ggqd2

**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>